


BOLETÍN INFORMATIVO

O CARBALLIÑO



DEFENSA DO COMERCIO DE PROXIMIDADE
AXUDAS COVID19 AUTÓNOMOS
VACINACIÓN DO SAF
SUPERVISIÓN DAS CONTRATACIÓNS
ADMINISTRATIVAS

O BNG DEFENDE O COMERCIO DE PROXIMIDADE E PRODUTORES LOCAIS NO PLENO DO CARBALLIÑO

OBNGpropón medidas en defensa da cadea de produción, distribución e comercialización local coa que o concello apoie e defenda aos produtores e comercios de proximidade como motor económico para o Carballiño, xerando emprego no territorio, distribuindo a riqueza entre máis actores, ofrecendo prezos competitivos e asentando poboación no rural.

O Carballiño 25 de xaneiro de 2021 Para o BNG a aposta das institucións públicas debe ser pola sustentabilidade, polo próximo, polo local porque tamén é a mellor maneira de contribuír todos e todas neste momento de crise apoiando un comercio de gran calidade. “No contexto da actual pandemia agravouse unha situación crítica que xa viñan aturando os comercios e produtores de proximidade.” Indica a voceira do BNG do Carballiño, Sofía García.

García demandará a creación dun censo de produtores locais para que se lle dé difusión precisa entre os comerciantes locais, para favorecer as sinerxias entre ambos e que desde o concello se difunda entre a veciñanza os produtores locais e comercios de proximidade. Así como abrir unha liña de axudas que protexan e axuden a comerciantes e produtores.

Para a voceira do BNG non basta con ter un comercio de proximidade, é preciso contar cunha produción local forte: gandeiros, agricultores, artesáns etc que poidan manter a súa actividade e non perdan colleitas ou a súa produción pola dificultade para vendelos nas tendas e mercados locais. Ou que estes mercados e tendas queden desabastecidos de produtos KM0 pola falta de coñecemento dos produtos que se producen e/ou elaboran á súa porta. Pois “en algúns casos, o descoñecemento dos nosos produtores máis próximos déixaos nunha clara desvantaxe ante grandes superficies e provedores moito máis visibles.”

Para o BNG tamén é importante establecer impostos a grandes superficies e comercio online para que estas contribúan dun xeito xusto. Demandando a creación dun imposto autonómico ás grandes superficies, como o que xa existe en Cataluña, Aragón e Asturias. E un imposto ao comercio online que compense os gastos municipais que xera: “se o comercio local paga taxas pola recollida de lixo, o comercio online que xera residuos de paquetería dos que os fondos da administración local se están facendo cargo, tamén debe contribuír ás arcas públicas” declara a voceira nacionalista.

Desde o BNG consideramos un importante condicionante para a actividade do comercio local o prezo da electricidade tanto para particulares como para comerciantes e produtores, e como país excedentario na produción de electricidade debera repercutir na nosa factura e voltamos demandar a creación da “factura eléctrica galega”, que abarate o prezo da electricidade.

Sofía García remarca que “o noso obxectivo é que as persoas produtoras obteñan o máximo beneficio. Que as actividades agrarias, gandeiras, artesáns, a través da súa transformación e comercialización, sexan un factor de xeración de emprego e dinamización económica neste país. Polo que a cadea de produción, distribución e comercialización de proximidade, ou galega, ten un carácter estratéxico para potenciar a nosa economía e rematar coa dependencia que sofre Galiza tamén no referente ao abastecemento básico de alimentos.”

AXUDAS COVID-19



DENDE O BNG CRÍTÍCASE A FALTA DE TRABALLO DO CONCELLO DO CARBALLIÑO COAS AXUDAS COVID-19

Vaise cumprir un ano do inicio da pandemia e inda estamos a falar das axudas iniciais da primeira fase, das axudas de abril, maio.

Ante a inactividade do Goberno local, dende o BNG leváronse a pleno dúas mocións, unha de urxencia para axilizar os procedementos precisos para a realización das bases e outra para denunciar a privatización da realización das mesmas por un importe de 17.400€ (realizadas por unha empresa de fóra do noso concello). A esta nova hai que engadir que estas bases tiveron que ser retiradas no momento en que o Goberno local as presentou, porque estaban mal realizadas.

Dende o BNG, a nosa concelleira, Sofía García, denuncia que as bases foron feitas na súa totalidade para deixar a gran parte dos autónomos e autónomas da nosa vila sen axudas, non para dar resposta ás necesidades de todos e todas nestes momentos tan difíciles, posto que só se concedeu a metade do presupuestado, que eran 300.000€.

Ademais disto, as axudas da segunda fase deberían ser para setembro - outubro do 2020 e a día 11 de febreiro do 2021 é vergonzoso que non haxa unhas bases feitas para poñer estas axudas en marcha.

Unha vez máis a falta de traballo do equipo de Goberno local prexudica a todos os veciños e veciñas do Concello do Carballiño.

#CorrupciónReal

**SE REGULARIZA 4.000.000
DE EUROS,
CANTO COBROU EN
COMISIÓNS ILEGAIS?**

O MODELO DE EDUCACIÓN DO PARTIDO POPULAR

**RECORTES NA PÚBLICA
PRIVATIZACIÓN ENCUBERTA
DOS MESTRADOS
EMIGRAR PARA FORMARSE**



**1174 PRAZAS OFERTADAS
765 PRAZAS NOS MESTRADOS**

erguer
ESTUDANTES DA GALIZA

SUPERVISIÓN DAS CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVAS

O BNG DEMANDA A CREACIÓN DUN ÓRGANO MUNICIPAL PARA A SUPERVISIÓN DAS CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVAS DO CONCELLO.


O Carballiño 16 de febreiro de 2021. O BNG do Carballiño presentará unha moción no vindeiro pleno municipal na que propón crear un órgano de supervisión e control plural dos procesos de contratación do concello.

“A cantidade de reparos observados en varios contratos municipais e a falta de transparencia, son o motivo polo que demandamos un control máis exhaustivo sobre o gasto”, afirma a voceira municipal do BNG, Sofía García.


Son varios os reparos de intervención ós que se refiren os nacionalistas que entenden que vulneran os requisitos contemplados na lei de contratos do sector público, como o fraccionamento de contratos para que sexan contratos menores, e como se chegan a indicar en informes de intervención nos que se di textualmente “apréciase claramente a fragmentación en varias facturas co fin de evitar a solicitude de 3 presupostos, con importes todos eles próximos aos 1.500 €, e por conceptos similares en días consecutivos ou incluso no mesmo día”.

A isto, engade a nacionalista, a multitude de impedimentos e demoras inxustificadas para acceder á documentación que se solicita desde a oposición non fai máis que denotar unha grave falta de transparencia que impide realizar correctamente a labor da oposición. Exemplo claro destes feitos é que en febreiro de 2020 solicitouse polo BNG a relación de contratos menores feitos polo concello e aínda estamos agardando, di García. Ou a documentación relativa ao alumeado de nadal do Carballiño, que aínda non se puido ter acceso a toda a documentación requirida, como o informe do responsábel do contrato, a pesar das dúbidas que é preciso clarificar, indica a voceira nacionalista.

Para as nacionalistas, ante este estado de cousas, faise moi preciso a creación deste órgano plural no que o conxunto da oposición teña acceso dun xeito claro e directo a toda a información pertinente, “unha xestión pública municipal transparente é unha das mellores garantías para que a veciñanza poida gozar duns servizos públicos de calidade”.



VACINACIÓN DO SAF



O BNG CONSIDERA UNHA DEMORA INTOLERÁBEL QUE O CONCELLO DO CARBALLIÑO AINDA NON REMTISE A DOCUMENTACIÓN DO SAF PARA A SÚA VACINACIÓN

O BNG demanda axilizar o envío de documentación requerida pola Xunta de Galiza para proceder á vacinación do persoal do Servizo de Axuda no Fogar do Carballiño.

O Carballiño 18 de febreiro de 2021. Tras ter coñecemento da notificación feita pola Xunta de Galiza mediante a cal se solicita a colaboración do concello do Carballiño para poder proceder á vacinación do persoal do SAF, a voceira do BNG, demanda explicacións por esta demora inxustificada da administración local, que considera unha falta de consideración cara o persoal dun servizo esencial.

"O BNG insta a que se traslade de inmediato toda a información do persoal do SAF, tal e como se lle requeriu pola Xunta de Galiza" manifestou a voceira do BNG, Sofía García.

A voceira do BNG manifestou que esta falta de premura na tramitación dunha documentación que xa foi solicitada hai medio mes constitúe unha falta de respecto cara o persoal do SAF, un servizo esencial e constantemente exposto a risco de contaxio, polo que non é xustificabel este retraso.

Porén para o BNG xa non só cabe que se proceda coa maior axilidade tras este escandaloso acontecemento desde a institución municipal, senon que procede que o alcalde e o equipo de goberno den as pertinentes explicacións á maior brevidade posible das causas deste desleixo no goberno do Carballiño, que indubidabelmente pon en risco a estas traballadoras. Esta negligencia sitúa o noso concello entre os últimos da provincia en ser vacinados a pesar de ser o segundo concello da provincia e a principal vila de Ourense, manifestou García.



**NIN SUBMISAS
NIN PRECARIAS
AS MOZAS GALEGAS**

EN FOLGA



Asemblea de Mulleres
GALIZA NOVA



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
O CARBALLIÑO

bng.gal

FACEBOOK | **bngocarballino@gmail.com** | INSTAGRAM